Partindo dun recente estudio da Federación de Municipios Rurais, podemos chegar ás seguintes conclusións: A primeira é a redución en máis da metade da poboación ocupada no sector, e a segunda é o apreciable aumento da renda do sector aproximadamente cada traballador do agro ingresa o dobre en pesetas constantes ó fin do periodo que no seu inicio.

Estes datos, aínda que aparentemente favorables, ocultan perigosos fenómenos que se están a producir: un primeiro acusado envellecemento da poboación rural galega, chegando nestes momentos a un crecemento vexetativo negativo; e outro aumento das transformacións correntes principalmente da Comunidade Europea que poden levar a unha situación de abandono do sector productivo e convertiren en receptores de subvencións.

Mantemos neste período a porcentaxe entre o 8% e o 9% do Valor Engadido bruto do sector respecto total nacional, pero os produtos máis significativos como a vitela de ternera, leite, patacas e millo sofren unha redución do seu valor en pesetas constantes a redor dun 5%. Diante de todos estes datos estatísticos temos que tomar conciencia da necesidade de que pola autoridade responsable se adopten urxentemente as seguintes medidas:

- 1º.- Regula-lo mercado internacional co fin de mante-lo precio dos produtos agrícolas.
- 2º.- No caso de non poder ser, compensar debidamente ó sector polas perdas que se xeneren por unha política comercial errada.
- 3º.- Vincula-las subvencións ó esforzo productivo e non ó abandono de producións ou cultivos.
- 4º.- Mellora-la infraestrutura no sector e especialmente dotar suficientemente ós municipios rurais para que presten en nivel de igualdade servizos ós seus cidadáns.

Para findar, e pola nosa banda, temos que apoloxiza-la defensa do sector e das xentes do agro que é a parte máis entrañable da nosa memoria colectiva.

JUAN JOSE DE OZAMIZ LESTO

NOSOS AIRES... .. GALICIA

Agosto, por natureza é o mes de vacacións para a maioría das persoas. Todo o mundo agarda estas datas para poder visitar perante uns días aquilo que durante o ano "añora".

Fanse preparativos, plans de visita, posibles compras etc. Chega o día de partida e toda a ilusión é coller o transporte máis rápido para pasa-lo menos tempo posible viaxando e chegar axiña ó destino.

Os galegos chegan á súa vella Galicia, amolecida polo tempo, con ise cheiro que a caracteriza e as cores que a terra nos ten reservado ó longo do ano para que cando cheguen os seus fillos, saiban poñer ese suspiro tan fondo "OUTRA VEGADA NA MIÑA TERRA".

Pasan os días e cando xa estás habituado ó abrazo da terra, téis que darlle-lo abrazo de despedida e volver á vida cotián, á familia, ó traballo, ós amigos etc.

¿Que nos queda?, a interrogante de matinar que posiblemente o ano seguinte poidamos voltar ó noso recuncho, co cheiro, coa cor e sabor propio da nosa Galicia. Alívianos o pensar que non haberá ningún troco, sempre será a vella Galicia de recunchos segredos que gardan a esencia dun pasado. Con esta pequena introducción vou opinar sobor dunha sensación que é visible para tódolos galegos e verdadeiramente contradictoria.

Sabemos que por diversos motivos non podemos estar na nosa Galicia, e quédanos o consolo de estar compartindo os nosos sentimentos no lugar que poidamos sentirnos máis identificados coa terra, o Centro, aquí está o problema. Cando existe entre os galegos o sentido da morriña de nosas raigames, e esa añoranza é compartida, tódolos galegos séntense cinguidos por un lazo, pero cando a euforia pasou, a xente volve ó círculo. Xa non é o galego, que por natureza é comunicativo e fai partícipe da súa vida ós demais. É todo o contrario, intenta que existan no seu mesmo entorno círculos de xente que non teñan nada en común, nin o sentirse galegos, o propio círculo non lle-lo permite e acapara esa única identidade de ser galego, clasificando formas, linguas e dereitos adquiridos que se outorgan cando queres sentir perante todo o ano ese calor que para tódolos galegos residentes en Lleida somentes é perceptible un mes ó ano.

Reflexionemos, non é tan difícil ter, o mesmo que podemos atopar na nosa Galicia, no Centro, sendo un pouco máis tolerantes na nosa forma de actuar cara ós demais. O que un é, e ten, que o aproveite o mellor posible; as clasificacións que as realicen no entorno onde nos toca loitar cada día, pero non nun entorno que o único que desexamos é sentir Galicia e sentirnos máis galegos, anque as identidades sexan diferentes.

A.GIL



AUTO-ESCOLA

MOLINS- CASTET

- LICENCIA PRA CICLOMOTOR
- E TODALAS CLASES DE PERMISO DE CONDUCCION
- CLASES TEORICAS PERSOALIZADAS SEGUND O
- APTITUDES ASISTIDA COS MEDIOS AUDIO-VISUAIS

Fleming, 19 - LLEIDA

Tel. 27 43 53

O CENTRO GALEGO DE LLEIDA

MEMBRO DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS.

Como é ben sabido polos nosos socios e simpatizantes, o Centro Galego de Lleida é membro da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas por un período de dous anos. Foi elixido no IV Pleno celebrado en Lugo o pasado ano 1994 (ver nº 8 da revista "Xurdimento"). En reunión da Xunta Directiva, volveuse elixir a D. CELSO GONZÁLEZ GÓMEZ para que asistira -novamente en representación do propio Centro- á

preceptiva reunión da Comisión Delegada en Santiago de Compostela os días 1 e 2 de decembro de 1.995 pasado. Aproveitando a publicación desta nosa revista "Xurdimento" e seguindo unha mínima proposta de traballo que deberiamos levar a cabo como representantes de tan honrosa e importante laboura, facemos unha pequena síntese do tratado nesta 1ª reunión da Comisión Delegada, á que asistimos.

Participaron o Ilmo. Sr. Secretario Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas e os 14 representantes da Comisión Delegada. Os asuntos tratados comezaron cunha exhaustiva exposición da Memoria de xestión do ano 1.995 por parte de D. Fernando Amarello de Castro. Nela constan as 949 Axudas Asistenciais Individuais concedidas dun total de 1.284 solicitadas, por valor de 39 millóns de pesetas. Axudas Asistenciais a Entidades,

concretamente 21 por valor de algo máis de millóns de pesetas. No tocante ós diversos apartados e Programa salientouse o éxito que teñen as "Vacacións para Lembrar" con 15 participantes este ano e que se aumentará para vindeiro -dúas semanas de leccións na Residencia de Tempo Libre e Panxón (Pontevadra)-. O Programa "Reencontros".



Entrega da "Medalla do Vº Centenario" por parte do Rector D. Darío Villanueva ó representante do Centro Galego de Lleida D. Celso González Gómez.

cursos de Terapia Ocupacional en países americanos. Axudas para estudantes universitarios emigrantes e os seus descendentes. Cursos de formación ocupacional e empresarial (en Madrid e Barcelona), con especial mención pola súa repercusión dos impartidos na Asoci.Cult.Galega "Saudade" no que se refire ós de Informática, cunha asistencia de 40 alumnos como media. Cursos de Lingua, Literatura, Historia e Cultura Galega, cun total de 1.319 alumnos.../...e un longo etcétera que se atopa con minucia e detalle recollido nun libro azul que se enviou a cada Asociación e Centros Galegos do mundo. Foi aprobada por maioría absoluta.

Terminada esta amplísima exposición, fíxose un informe-exposición sobre dos retornos a Galicia: son escasos os que proceden de América do Sul, a maioría por seren de idade avanzada, con poucos recursos e teren familia formada alí. Sucede ó revés cos de Europa, que volven á terra para cobrar as súas xubilacións de traballo. Parece ser que asegún datos estimados, os Bancos e Caixas establecidas en Galicia reciben perto de 30.000 millóns de pesetas para pagarlles ós tales pensionistas.

A Comisión Delegada adoptou o Acordo de instituí-la **Insignia de Ouro das Comunidades Galegas**, como emblema acreditativo do agradecemento do Consello ás persoas, entidades e institucións que adicaran singulares apoios no desenvolvemento das súas actividades. Neste primeiro ano -1.995- concedéuselle e entregóuselle ó Excmo. Sr.D.Manuel Fraga Iribarne, actual Presidente da Xunta de Galicia.

Aproveitando esta PRIMEIRA entrega, tivo lugar a presentación da Colección **A NOSA DIÁSPORA: DA EMIGRACIÓN Á GALEGUIDADE**, que se compón de 20 títulos, dos que xa están editados 11 títulos.


Fomos recibidos en Sesión Extraordinaria polo Excmo. Rector da Universidade de Santiago de Compostela, quen obsequiou a tódolos asistentes cunha medalla conmemorativa do Vº Centenario da propia Universidade. Os Delegados tamén lle entregaron unha medalla da Galeguidade, en nome de tódolos galegos da diáspora.

No eido das consideracións finais fíxose unha recomendación a transmitir nos distintos

Centros e Asociacións: Que se envíen as solicitudes e programas establecidos o máis axiña posible. Para o exercicio 1996 o presuposto queda retallado nun total de 107 millóns con respecto ó ano pasado, que repercutirá en certa maneira inversa das atencións establecidas. Acordouse continuar celebrando o "Día da Galicia Exterior", retrasando tal evento para o ano 1999. Houbo unha pequena queixa-exposición en relación coa "proliferación" de Asociacións galegas en Barcelona, que se considera repercute negativamente na distribución de subvencións. Unha solicitude aceptada foi a entrega e envío, a tódolas Comunidades Galegas no Exterior, das guías telefónicas que existen nas catro provincias galegas.

E, para rematar, desexo facer patente a **nosa intención** como membro da Comisión Delegada, **de recoller e presentar tódalas posibles suxerencias, inquedanzas e aportacións dos Centros e Asociacións Galegas en Catalunya para levalas á vindeira reunión da Comisión**, prevista para o 4º trimestre de 1.996.

CELSO González Gómez



Martín Ruano, 21 • Tel. 27 44 11 • Fax 27 50 28 • 25006 LLEIDA
Sant Joan de Mata, 1 • Tel. 20 29 18 • Fax 20 28 35 • 25001 CAPPONT (Lleida)
Plaça la Sal, 11 • Tel. 24 25 70 • Fax 24 98 87 • 25007 LLEIDA
Jacint Verdaguer, 15 • Tel. 71 07 67 / 71 16 78 • Fax 71 07 67 • 25230 MOLLERUSSA (Lleida)
Pare Manyanet, 28 • Tel./Fax 65 20 66 • 25620 TREMP (Lleida)
Plaza España, 9 • Tel. (974) 42 86 53 • Fax 42 86 63 • 22500 BINEFAR
Jaume Huguet, 1 • Tel. (93) 278 30 20 • Fax 278 20 19 • 08019 BARCELONA
Y 20 tiendas más en el resto de España.



ELECTRICITAT INDUSTRIAL

Masana, S.L.

- Instal·lacions elèctriques
- Manteniment
- Quadres de comandament
- Bobinatges
- Reparacions

Polígon Industrial "El Segre" • Parcel·la 707, naus 3 i 4
Telèfon 21 10 88 – Fax 21 10 89
25191 LLEIDA

MEMORIA DO MONUMENTO A SANTIAGO

POR VICTOR MANUEL PALLARÉS CABALLÉ

Aló polos fins do mes de xuño, o noso amigo Pepe Terceiro, actual presidente do Centro Galego de Lleida, díxome que facía algúns anos o Sr. Alcalde tiña prometido ó Sr. Manuel Fraga, unha praza adicada a Galicia. Tamén me explicou que a devandita praza esta xá en condicións de ser habilitada; para elo xa se tiñan presentado algún que outro proxecto, e dito isto propúxome que presentara algunha posible idea para a realización dun monumento conmemorativo.

Despois de estudar varias posibilidades, sobor do emprazamento, coidei que en relación ó lugar en que tiña que estar situada a peza, e a representatividade mais patente, a mellor posibilidade podería ser a propia imaxe de Santiago.

A creación sempre ou casi sempre está supeditada ás vivencias do artista, e neste caso non podía ser doutra forma. Cando collín o lápiz para encetar o boceto e dibuxar a fermosa e espléndida figura de Santiago, cada rasgo íame lembrando a viaxe que no ano xacobeo tiña feito xunto coa miña familia, sentía un tremolamento na miña pel ó tentar de revivir nos meus miolos fotográficos tanta beleza: as igrexas, conventos e mosteiros, que arrodean o camiño de Santiago, percorrido por milleiros de peregrinos, recollendo tanta bezón artística e espiritual; todo elo feito cun profundo amor e unha admirable creencia, que deixou no meu espírito unha pegada tan grande que non poderei esquecer nunca.

Vin ó Santo, non como alguén que canso de percorrer cidades e de ver xentes está amedrentado pola natural fatiga que conleva tan ardua empresa; senon que pola contra, o seu espírito desborda unha inmensa forza espiritual que se desprende da mensaxe evanxélica, sinal de salvación.

O debuxo que se forxaba no meu crisol, era o dun ser con moita vitalidade suxeitándose no caxato que coa cabaza sempre lle acompañaba; pon o pé sobre dunha pedra, o mesmo que fan os pastores e coa vista dirixida cara o ceo recolle as forzas que Deus lle da para proseguir o seu camiño.

O mes seguinte despois de varias xestións por parte da presidencia do Centro Galego, presentouse o proxecto á Xunta e aprobouno. Teño que confesar que o amigo Terceiro e máis eu tiñámola sensación de estar facendo algo monumental; tratábase de tallar nun grande bloque de pedra de máis de oito toneladas unha escultura corpórea do insigne Apóstolo; pero a ledicia que se desprende de tan fermoso proxecto non durou moito (pouco dura a ledicia na casa do probe), xa que ó velo o Sr. Arquitecto do Concello, dixo que a el gustáballe moito pero que non era posible poñer unha peza tan grande no medio da praza, porque se ben esa era a primeira fase, na segunda fase terán que pasar por alí grandes camiões e o monumento impediríalle o seu paso.

Parece que Deus premia a perseverancia. Despois de diferentes xestións, os Arquitectos do Concello propuxéronnos facer un releve en bronce do mesmo tema, a inspiración non se fixo agardar, e poucos días despois xa tiña os debuxos así como un pequeno boceto a escala para ter unha idea máis exacta da obra: Tratábase dun releve de Santiago na mesma postura que a anterior, visto de tres cuartos. A disposición das superficies serían: as roupaxes feitas a planos, cunha textura atallantada, a cara e as mans un pouco mais clásicas; en canto ó fondo un grafismo do camiño de Santiago feito cunha técnica un pouco "naif", que sendo completamente diferente dos planos da figura, atopei que se acoplaba perfectamente co conxunto.

O releve fundiríase en bronce e enmarcaríase nun conxunto de molduras parecido a un cadro monumental, feito de pedra arenisca na empresa de mármoles San Pancrácio.

Todo esto tiña que se facer nun par de meses porque os Señores Arquitectos dixéronnos que ó final daquel período inaugurariábase. Este foi outro grande problema: ¡Non quedaba tempo! Moldeando o releve coas técnicas clásicas era imposible. O proceso de facelo armazón modelalo en barro e valeirallo molde con escaiola, como primeira fase, pero despois

-e xa na segunda fase- precisabamos un mes para que a fundición Ginfer de Reus nos transformara o modelo en bronce. Tiven que optar por unha nova técnica na que se modela cunha pasta especial que rematado o traballo sécase transformándose nunha especie de escaiola.

A escultura foi copiada por técnicas de fotogrametría, que aínda que teñen un custo elevado dan como resultado unha copia e un agrandamento de estruturas de detallada exactitude.

A fotogrametría é unha técnica coñecida en medicións exactas, usada en cartografía e planos de cidades. Con ela conséguese unha información milimétrica dun continente ou rexión. As técnicas están repartidas entre a fotografía tridimensional e a informática. Gracias a ela os puntos da fotografía por medio de potentes procesadores convértense en "pixels". Cada un deles ten unha posición + - na pantalla. A imaxe dixitalizada é manipulada e convertida nunha información esencial. Todo isto xa é coñecido, pero en realidade o meu segredo foi converter todo isto que levamos explicado nunha forma tridimensional, transformándoa nunha escultura. Con esta técnica puiden reproducir unha forma natural -o boceto- nunha escultura, por exemplo, facer un busto exacto ó modelo, ou coma no caso que nos ocupou, a partir dun sinxelo boceto saber exactamente onde están os recíprocos espazos na peza definitiva.

O inconveniente deste procedemento é que nun retrato fotográfico ou nun boceto non atopamos nin a calor nin a expresión que ten o mesmo retrato feito por un pintor ó oleo ou acuarela, no que o propio autor tenta de resalta-las partes espirituais máis cas materiais. A solución a este problema é a seguinte: Deixamos que a fotogrametría fixera o seu traballo e despois introducímoslle a creatividade que o diferencia do sistema técnico dándolle o valor artístico preciso.

Despois de tantas peripecias, o monumento gracias a Deus xa está rematado, pero como saberán aínda non o temos inaugurado. Agardamos que sexa proximamente.

ACTIVIDADES DO CENTRO GALEGO DE LLEIDA (ANO 1.995)

XANEIRO.

07/01/95

Entrega da Cesta de Nadal ó socio nº 225 PEPE CASTRO ESTEVEZ

22/01/95

Matanza do porco ó estilo e usanza galega (Casa Alonso).

27/01/95

Reunión da Federación de Centros e Casas Rexionais Galegas en Catalunya.

30/01/95

Xantar da Matanza do porco, coa asistencia de 100 persoas.

FEBREIRO.

09/02/95

Cea das "Águedas" na Vocalía da Muller.

12/02/95

Reunión da Federación de Casas Rexionais de Lleida.



18/02/95

Entrevistan, en Radio Popular, ó Presidente do Centro Galego con motivo do inicio da Semana Cultural.

20/02/95

Comeza a Semana Cultural do Centro cunha conferencia sobre da Astronomía a cargo do socio PEPE RODRÍGUEZ GIRÁLDEZ.

21/02/95

Certame de Postres organizado pola Vocalía da Muller. Forman

parte do Xurado: Pilar Nadal -concellala do Ajuntament de Lleida- Imma Visús do Departament de Benestar Social da Generalitat e o noso cociñeiro Jaume Cantera.

22/02/95

Conferencia sobre dos cuidados das persoas da terceira idade e da súa mantenza, a cargo de Marta Fontanet e María Pui Rubio.

23/02/95

Conferencia de JUAN RODRÍGUEZ GÓMEZ-DACAL sobre da incidencia da alcoholemia na circulación. Presentación do número 8 da nosa revista "XURDIMENTO" a cargo do Delegado do Goberno da Generalitat en Lleida Sr. FRANCESC VIDAL I CODINA.

24/02/95

Coloquio: "Estado das linguas: Galega, Catalana e castelana". Interveñen Lluís Climent (pola lingua catalana), Julio Couxil (pola lingua galega) e María Teresa Parra (pola lingua castelana). Actúa como moderadora D^a Rosa González Mahia.

25/02/95

Presentación do libro sobre a orixe de Colón: "LUZ PARA UN ENIGMA". "La identidad de Cristóbal Colón", por Alonso Philippot Abeledo.

26/02/95

Celebración da Santa Misa na

Paroquia de Sant Jaume, acompañados pola Coral "Cengallei" e como colofón.clausura da Semana Cultural Asemblea Ordinaria.

O restaurador José Antonio Ferrer regalou ao Centro unha cerámica cos escudos das catro provincias galegas, e a imaxe do apóstolo Santiago no Centro.

Como final de festa celebrouse un xantar de irmandade no noso Centro, con comida típica de Entroido (como en Galicia).

MARZO.

04/03/95

Presentación do disco "Expreso-Estrela" de César del Caño.



12/03/95

A Vocalía da Muller organizou a tradicional Calçotada na ermida de Grenyana. A nutrida concurrencia viuse incrementada coa participación de representantes do Centro Galego de Tarragona, Centro Galego de Barcelona e autoridades do Excmo.Concello de Lleida e da Generalitat.

21/03/95

Entrevistan ó Presidente do Centro en "Radio Lleida".



Coral Cengallei interpretou "Al Alba vinde" e "O voso galo comadre".

Oratorio da Virxe das Dores: A Coral "Cengallei" participa nos actos en honor da Nosa Señora das Dores, adicado ós cofrades que a acompañan na Procesión do Paso da Santa Cea. Perante a celebración da Misa, a Coral "Cengallei" do Centro, baixo a dirección de Rosa González Mahía, interpretou as partes musicais da liturxia. Celebrou o acto o Reverendo D.Francisco Castellón Cortada, Capelán do Oratorio.

ABRIL.

01/04/95

O noso Grupo de Danza e Gaita XURDIMENTO e a Coral "CENGALLEI", realizan a gravación de catro cancións para un cassett que confeccionarán tódalas Casas Rexionais de Lleida. A sección de gaita do grupo interpretan a Jota de Folgoso e a Muñeira de Chantada. A

02/04/95

O Grupo e A Coral desplázanse a Tarragona para contribuír coa nosa aportación, ós actos organizados polo Centro Galego desa Capital. Na ermida de Nosa Señora de Loreto, interpretou a Coral a música da Santa Misa. Concerto na propia igrexa de catro cancións típicas galegas. Interpretación de varias pezas e bailes tradicionais galegos na Rambla Nova, diante da Entidade irmán, colleitando moitos éxitos en ámbolos dous casos.

09/04/95

Participación da Cofradía na procesión de Domingo de Ramos.



15/04/95

Participación na procesión dos Caladiños do "Venres Santo".

22/04/95

O Centro Galego impartiu un curso de PERFECCIONAMENTO DE LINGUA GALEGA, iniciado o 14/10/94 e rematado o 18_03/95. O Curso impartido polo Profesor JULIO COUXIL, contou cunha matriculación de mais de 30 alumnos. Faise entrega do Diplomas acreditativos, representando unha obra teatral A FARSA DO GALO LARPAN, dirixida pola súa autora



D^a ROSA GONZALEZ MAHIA. Findou a celebración cunha cea de irmandade entre os cursillistas, socios e Profesor.

29 e 30/0/95 - 01/05/95

Excursión organizada pola Vocalía da

Muller a Lloret de Mar.

MAIO.

11/05/95

Ofrenda ó Patrón da cidade S.Anastasi. Festa Major de Lleida. Participación na batalla de froes pola Rambla de Ferrán.

13/05/95

Participación do Grupo nas Festas de Maio, cunha actuación na Praza San Xoan, acompañados polo grupo de Barcelona. Gran Verbena

organizada polas Casas Rexionais.

21/05/95

Actuación da Coral e do Grupo deste Centro en Barcelona.

XUÑO.

01/06/95

Desprazamento a Galicia dos matrimonios Sres. Gil e Sres. Prada, para participar no programa "Vacacións para Lembrar" na Residencia de Tempo Libre (Panxón).

03/06/95

Celebración do "Día das Letras Galegas". Conferencia a cargo do Catedrático da Universidade de Barcelona D.BASILIO LOSADA, sobre a personalidade de "Rafael Dieste". Fáiselle entrega do **escudo de prata do Centro**. Intervención da coral "Cengallei".

11/06/95

A Vocalía da Muller organizou unha visita ó Parque Temático de Salou "Port Aventura". Asisitiron 80 persoas.

22/06/95

Finaliza o curso de costura da Vocalía de Muller, cunha cea á que asistiron tódalas participantes no curso, acompañados de familiares e simpatizantes.

30/06/95

Cea conmemorativa de Fin de Curso das actividades na Vocalía da Muller.

XULLO.

22/05/95

Celebración do día do Santo



Patrón -SANTIAGO, SANT JAUME-, cunha mariscada nos locais do Centro Galego.

AGOSTO

Preparación das actividades para o vindeiro curso.

SETEMBRO.

09-10-11/09/95

Excursión organizada pola Vocalía da Muller á Catalunya Norte: Visita de Andorra, Soldeu, Santuario da Virxe de Meritxell, La Seu d'Urgell (parque del Segre), Font Romeu, Mont-Lois, Llivia (a súa farmacia máis antiga), Puigcerdà e a cidade francesa de Foix irmana-



da con Lleida, onde fomos recibidos polas autoridades locais, e fíxosenos entrega -como agasallo- da medalla de prata da cidade.

27/09/95

Misa en honor da Virxe Branca da

Academia Mariana.

OUTUBRO.

08/10/95

Celebración do **DIA DE BREOGÁN** no "Parc del Graó" de Alpicat. Pola mañá celebramos unha Misa na parroquia do pobo, acompañados das cancións da nosa Coral "Cengallei". Xantar conxunto no parque e pola tarde diante da asistencia das autoridades municipais, sortearonse produtos típicos da terra galega.

12/10/95

O Grupo Xurdimento acompaña na procesión á Virxe do Pilar, e participa na Misa celebrada na parroquia de San Xoan no seu honor. A Coral participa na celebración solemne en honor á Virxe do Pilar ofrendada pola Guarda

Civil na Catedral de Lleida.

13/10/95

Actuación do Grupo Xurdimento na Guarda Civil con motivo das Festas en honor á súa Patrona.

14/10/95

Actuación do Grupo de Gaitas e Danzas en Andorra.

NOVEMBRO.

01/11/95

Celebración do Magosto, cunha Misa en recordo dos difuntos do Centro, na parroquia de Sant Jaume. Tradicional castañada nas instalacións do Centro. Acompañounos o Excmo.Sr.Alcalde de Vigo.

12/11/95

Actuación da Coral "Cengallei" e do Grupo "Xurdimento" na Residencia "Juana Jugan".

26/11/95

Actuación da Coral "Cengallei" e do Grupo Xurdimento na Residencia de anciáns de Aitona.

DECEMBRO.

03/12/95

Actuación da Coral "Cengallei" e do Grupo Xurdimento na Residencia de anciáns "Sagrat Cor".

13/12/95

Cea da Vocalía da Muller para celebra-lo día das costureiras.

31/12/95

Celebración da despedida do ano e entrada de Anivovo. Reunión de socios e simpatizantes para dese-xárno-lo mellor para o 1.996.

A XUNTANZA - O ENCONTRO

ADICADO Ó DR. SEVERINO FERNÁNDEZ VEREA (Continuación)

...un silencio envolveu a xuntanza, os grupos de persoas calara ó recoñecer o xeneral; -. *É Decio Junio Bruto, que máis tarde chamarán el gallaico.*- susurrroume Ith namentras se erguía para saudarme. Outros celtas tamén se ergueron e foron ó seu encontro; os que me presentaran como señores da cidade, esbozaban un sorriso nas súas facianas e saudaron ó romano con orgullo e altivez; o propio Bruto amosou un gran respecto por tan altivos capitáns da Cinnania.

- *Ceguei como cónsul da Hispania ulterior* - comezou a súa narración - *para sofoca-los guerrilleiros que continuaban hostigando a Roma dende a derrota de Theuthames.*- namentres falaba achegouse á mesa dos anfitrións e continuaba as súas explicacións - *Este tipo de loita é moi incómodo para un exército regular, como o do Lacio. Conseguín algunhas victorias sobre das tribus ás que cedin terras nas que se instalasen pacificamente, seguindo a forma de facer de Servilio Cepión, entre o Miño e o Douro.*

Ergueuse entón un guerreiro gaélico e falou da fundación de Valenza do Miño, cidade amurallada sita ó sul da desembocadura do río homónimo; que lle serviría como ponto de partida e base de operacións para a pacificación dos bragalinos e exploración posterior de Galicia.

- *Tiven que loitar contra os habitantes desta zona* -continuaba o cónsul- *e utilicei tódolos medios o meu alcance.*

- *Dura e cruenta foi a loita* -comentou un centurión- *non só loitamos contra os homes, con eles estaban as mulleres que defendían a súa liberdade, a súa terra e a seus fillos; con tanto ou máis valor cos homes* - fixo unha pausa e mirou ás mulleres que estaban sentadas nas mesas. Lembrou que era a primeira vez que tiña visto algo parecido, nin sequera nas Galias ou contra os

iberos tiña visto ren parecido; baixou a mirada e calou, entón Bruto achegouse a el e poñéndolle a man sobre do lombo continuou: *-foi unha victoria cara tanto para Roma coma para Galicia; logo dirixímonos ate Braga, cidade fortemente amurallada...*

-*Puxeche cerco á nosa cidade* -dixo un capitán celta erguéndose- *pero estamos dispostos a non ceder. Nas murallas volviches atoparte con homes e mulleres que venderían cara a súa liberdade, enfrontabámonos ó exército mais poderoso do mundo.* Seu tono de voz mudaba ó explicala caída da cidade e a morte e destrución que lle seguiu, pois nin as mulleres nin os nenos estaban dispostos a rendérense sen loita.

A caída de Braga aterrizou ó país e as cidades mais pequenas renderonse, emprendeu entón Bruto a expedición de Galicia cara o Norde, sempre ó Norde. Era unha terra de lendas e misterios, onde a luz e as tebras xunguíanse e separábanse. O non ter tropas suficientes para ocupa-lo país conquistado, conformábase con obligar ás cidades a pagar o tributo e aceptala amizade de Roma; sen loita someteuse Braganza e a lexió continuou ate o Limia, chamado entón Lethes o río do Olvido. Decía a lenda que aquel que bebera ou vadeara as súas augas esquecería todo...

-*Vergonza sinto ó lembralo* -decía un alquifer cabizbaixo- *pero ó chegar ó Lethes, por derriba dos afluentes do Salas e Olelas, detivémonos. Era máis o noso medo ó esquecemento que á fereza dos gallaicos. Nin as arengas do cónsul conseguiron que nos moveramos; entón achegóuseme e sen mediar palabra rouboume a águia imperial e lanzouse a procura da outra orella. Dende alí falounos e chamando ós centurións polo seu nome demostrounos o cativo que era o noso temor...*

Outro romano continuou o relato - *cruzado o Limia, dirixímonos a Anfilo-*

quia (Ourense) que se rendeu sen loita, firmou o pacto con Roma e pagou os tributos requeridos -continuou explicando a estancia no Deza, a vida de descanso e a fundación de novas poboacións.

Salvada a serra do Bocelo, descendéron ate o Tambre e dirixíronse a Brigantia que non ofreceu resistencia.

-*Chegamos ó Lambre* -proseguiu entón o cónsul- *e a cidade de Lámbrica desafioume; unha vez sitiada e privada de socorro tivo que capitular, sen loita caeu máis tarde Libanca.*

-*Continuache-la túa marcha polo oceano* -comezou a entonar un lai o trovador de vistosa vestimenta- *pero unha cidade resistiuse ó invasor. Non estaba disposta a rendirse Cinnania* -entón vin como se dibuxaba un sorriso nos rostos dos señores de tan orgullosa cidade- *As lexións acampadas ó pe das murallas e esixindo a súa rendición, dardos foron a resposta. Nin o cerco funcionaba, xa que polo Landro era abastecida. Intenaches entón negociar un precio por erguelo cerco, pero...*

Os nosos antergos deixáronnos ferro para defendela cidade e non ouro con que comprásemos a súa liberdade a un capitán avarento -cantou un guerreiro celta dende outra mesa. Entón continuou o trovador -*Canto houveses preferido pronunciar tal sentenza diante de ouvila!!!*. Continuaba o lai explicando como se defenderon os cinnanos e da sublevación de Lámbrica que mandaba ós seus guerreiros en axuda da orgullosa Cinnania. Decidiu Bruto erguelo cerco e ir ó encontro dos sublevados, recuando refuxiáronse na súa cidade e foron novamente sitiados. Despois de fortes combates a cidade tivo que renderse novamente e entregar tódalas súas armas, ós desertores do Lacio e pagar un forte tributo pola súa traición.

Novamente o lai tomaba un sentido

máis poético e falaba como Decio Junio Bruto voltaba cara a Lusitania onde era necesaria a súa presenza. Ladeando a costa chegou a Fisterre; contemplou entón, non sen temor e medo, un dos espectáculos máis maravillosos que nos brinda a nosa terra: a posta do sol. -Un Sol bermello do atardecer, tinxía de sangue as grises augas dun oceano incomensurable, ó mesmo tempo cas nubes do ceo enrojecidas e anaranxadas daban un aspecto infernal a un espectáculo indescriptible, o ceo amosaba dende esa color amarela no hourizonte ate rosados que cambaaban a azulados; cun azul prusia na zona máis alta que se difuminaba no obscuro negro de tebras...

As lexións asustadas e incluso aterrorizadas, deixaron caer as súas armas e choraron coma nenos ó velo

astro deus engulido polas augas; as mesmas lexións que tiñan conquistado o mundo, fixeron sacrificios e rezaron.

Continuaron cara o Sul. En Tui tivo noticias da sublevación de Braga e da captura por esta cidade dun convoi de abastecemento que ía destinada a el.

- *Crucei o Miño por Valenza - explicou Bruto- e forzando a marcha dirixíme á cidade de Braga. A historia repetíase constantemente, cidades conquistadas que se sublevaban ó deixalas á miña espalda -falaba con tono serio pero distendido- Era esta unha cidade que costou moi cara ó meu exército, e outra vez tiveron que admiralo valor das xentes, homes e mulleres que se nos enfrontaron. Finalmente a cidade cae de novo, esta vez xa pode deixar unha guarnición para cumplilo tratado de amizade con Roma.*

Ergueuse entón un romano, era un civil, seguramente un historiador. *Ó chegar a Roma -comezou dicindo- foi recibido como un heroe, grandes foron as súas fitas e recoñecéuselle como vencedor de Lusitanos e Galiegos. Así foi escrito no capitolio e déuselle o sobrenome do gallaico; sendo coñecido como Decio Junio Bruto, el Gallaico.*

Cando rematou a narración da chegada de Bruto a Galicia, era xa moi tarde e entón formáronse grupos de persoas que falaban e rían. Celt e Gael diron por rematada a reunión e despidíndose dos presentes retiráronse ós seus aposentos. Aínda continuamos falando ate o amencer e con frío da mañán decidimos que deberíamos retirarnos... ..

XURXO FERNANDEZ GARCIA

(A mi hermano Joaquín)

MIENTRAS LAS NOCHES DE MI CORAZÓN SON TUYAS

Mientras las Estrellas deambulan por el cielo,
como pequeños veleros que son arrojados a la Mar intempestiva,
como las pequeñas semillas de un "Diente de Dragón",
como los valientes y aguerridos Poetas enfrentan una hoja en blanco,
así se desenvuelven los sueños de los hombres.
Intentando formar en la maraña de pensamientos metafísicos una idea en particular,
describiendo círculos sin fin,
dando vueltas alrededor de un mismo eje,
sin llegar siquiera a conocer el motivo,
o los porqués de ese movimiento incesante.
Podemos creer en la forma de una idea,
en la posibilidad de que todo es posible,
aunque sea imprescindible o improbable,
llegando a una idea básica de utopía.

Sentimos como Ángeles que acarician la Verdad Suprema,
como tantos otros seres que posiblemente existan,
y que nosotros, como recién nacidos no conocemos,
y ellos a nosotros tampoco.
Así partimos en un viaje por carreteras de desconocimiento absoluto,
por vías de acceso difícil y amargo,

por caminos de rosas o plagados de hiedra y ortigas traidoras.

Y a lo largo de ese camino,
vemos reflejados en los charcos de la lluvia recién caída,
nuestros sueños e ilusiones,
a los bordes del camino personas,
con las que cruzamos una mirada y su mente se nos abre,
dándonos el beso de la fortuna,
queriendo compartir la fatiga del largo camino recorrido.

Y otras personas enigmáticas,
de las cuales jamás sabremos sus nombres,
y serán como los árboles que bordean el sendero que nos hemos propuesto,
sólidas formas estanco que jamás estarán abiertas para nuestro corazón.

Y que te pido yo, tan sólo un beso.
No uno sucio y mal intencionado,
no buscando el deseo de la carne,
el ruido del Amor llevado al acto más impuro llamado sexo,
no, es un beso de Hermano,
es la caricia de un Alma triste buscando el consuelo,
es el intento de poner un matiz, un acento, un detalle en el hermoso verbo

Amar,
que entre todos hemos conseguido desprestigiar y embrutecer,
igual que con otras muchas cosas,
como la Tierra, ensuciada y perdida de antemano por la "gula" humana,
o como la Vida, llevada al extremo de la fealdad absoluta,
por la Vergüenza de Ser y no querer reconocer que Nadie Es,
como con la Muerte,
a la cual las personas y gentes de la mayor parte del Mundo Conocido teme,
siendo esta para mi en especial atractiva y seductora, con una fuerte
intensidad.

Y así llegamos a ti y a mí.
Dejemos la "Hipocresía", las palabras aduladoras,
pues a César y a tantos otros de poco les sirvieron,
y enfrentémonos juntos a lo que por ti siento.

¿Amor te preguntarás?, no lo sé,
tan sólo creo en la propia posibilidad del respeto,
del sinceramiento total, del idioma en imágenes e ideas,
pues son estas las que muestran la realidad absoluta,
por encima de todo, del intelecto para cambiar los significados
y los sentimientos de las personas,
dependiendo de razones y de ideas,
de compromisos y estorbos que en general nos distraen de nuestra idea.

Y si me lo preguntan, tengo miedo de hablar de Amor,
pues no será hasta que lo pierda cuando aprenda a valorarlo y a apreciarlo,
como las cosas cotidianas,
que nos llaman la atención cuando no las observamos,
el vuelo de las aves, en solitario o en grupo,
el aroma de la Tierra mojada por la lluvia,
la partida de un ser querido hacia Tierras Desconocidas,
Los Amaneceres de cada día, sus Atardeceres,
los tintes del Cielo, surcado y atravesado por saetas de infinidad de colores,
el ruido de Río, del Mar batiendo su golpe sobre la Tierra en su lucha infinita
y de los dos, perdida por toda la eternidad,
del crepitar del Fuego,
de la Caricia del Aire en el rostro o del frío que nos quema la piel.

Si Amarte significa todo esto y más que me es imposible expresar,
así me siento en ti, cuando me entrego y te siento abrazarme o tocarme,
eres el Todo de la Vida y parece que me lleves hacia la Muerte,
pues mis sentimientos se embotan, se confunden y la razón se me escapa
poco a poco,

como la Mariposa que se siente atraída por el Fuego
y aún conociendo su destrucción y el dolor, se abalanza sobre la Llama,
para sentir, aunque tan sólo sea por un instante ese abrazo que la llena,
que desborda su espíritu y su Alma hasta el fin de su Vida,
sintiéndose feliz por haber podido experimentar el placer de Alimentar con
su existencia,
que jamás se ha de infravalorar, el fuego de un Amor mutuo.

Así se lleven los vientos las palabras absurdas
y prevalezcan sobre Piedra aquellas que nos llenen y nos consuelen,
nos alegren y nos revelen nuestra verdad,
la de cada uno de nosotros,
para que el fuego no pueda jamás dañarlas como a aquella humilde,
pero hermosa, dócil pero salvaje y dulce Mariposa.

Caminemos por el mismo sendero,
siguiendo con la vista la misma Estrella y unámonos en un beso,
dulce contacto de las Almas en búsqueda del placer más Infinito conocido.
Si la senda es firme, disfrutemos de la calma,
si es frágil, hablemos suave y caminemos despacio,
si es agreste y discurre por el perfil de una cresta o al borde del acantilado,
hablemos a grito tendido, disfrutemos de la emoción de caer por sus afiladas
pendientes.

Amémosnos a cada momento,
pues el siguiente paso puede significar el fin de la realidad.
No deseo asustarte, ni que me temas en lo más mínimo,
deseo ofrecerte todo, mi sangre es tuya,
con Ella te doy mi Corazón, palpitante y atrevido, lleno de la realidad de mi
existencia,

y en lo tocante a mi Mente, bien, piensa que pertenece a un Demente,
y por eso hace tiempo que te pertenece, como todo lo mío es tuyo,
incluso aquello más íntimo, pues es lo hermoso del Amor,
el ir descubriendo aquellos rincones oscuros y sombríos que se esconden a
todos,

menos a ti, al Alma que yo quiero encontrar,
a la que quiero conocer,
y también con la que quiero compartir Vida y Muerte de todas las cosas,
sueños, temores, pasiones,...

Sentirte, acariciarte el pelo,
tomarte una mano es un paso para mí por esa Senda,
que me ha de llevar hasta la mismísima entrada de tu corazón,
pues en el laberinto de tu mirada,
en máximo orden de espacio,
para provocar el máximo desorden y desconcierto en mi mente,
ya me he introducido,

y deseo verme en el centro para poder verte sin vergüenza,
miedos y distracciones y exclamar a los Vientos,
para que transmitan mis sentimientos,

me gustas,
te adoro,
TE AMO.

Raffa FERNÁNDEZ,
por el AMOR perdido
y la PAZ en la TIERRA,
en los HOMBRES.

A TU

Sóc aquí i tu no hi ets, et veig però no hi ets, la teva imatge seriosa i pulida, ha quedat en el nostre etern record.

Aquell dimarts havia de ser; era un dia trist, plujós i fred, en l'aire es respirava una sensació de dolor. Tot i ésser una mort esperada, per la teva curta, però intensa malaltia, vaig tardar en entendre que ja no tornaria a sentir-te. Per la meva joventut, i manca d'experiències d'aquesta mena, no sabia molt bé que era desprendre's d'un ésser estimat, ho veia molt llunyà a mi i als meus, malauradament ho he descobert, i com tota novetat em fa sentir força diferent i especial.

Intentava buscar en les pàgines d'un llibre, consol i una resposta al perquè ens havies deixat tant aviat i amb tantes coses per fer i compartir, però era difícil entendre-ho.

Entre els fragments d'un llibre vaig arribar a descobrir, que més que un perquè era un per a què:

*"Quan la vida de l'home s'acaba,
damunt la terra,
pot haver deixat escrit
com a testimoni de la vida :
bondat, amor, veritat.
O bé : egoisme i enveja".*

Joan Bellmunt

Tu vas sembrar bondat i amor entre els teus amics, sobretot entre els teus companys ferroviaris, als que cada cop que et trobaves, els convidaves " a un cortado "; vas sembrar bondat i amor entre la teva família, a la que vas estimar i vas ensenyar a estar ben unida... ho vas fer amb tots... Vas donar-nos una lliçó de tossuderia, com un bon aragonés que eres, però com a bon aragonès també duies a la sang la noblesa que us caracteritza...

I tots nosaltres, et vam acomiadar com et mereixies, amb tot el caliu del foc que vas encendre en l'unitat de la teva família, i amb les llàgrimes de dolor per la pèrdua d'un amic.

Però per a mi, tu "has ido a eso" (com sempre deies per a referir-te que anaves a donar un tomb), i ben segur que algun dia ens retrovarem.

Gràcies per tot, tiet.

MERITXEL TERCEIRO CANYADELL

**M
Y
S**

**PELUQUERIA
Y
BELLEZA**

**REALIZAMOS
POSTIZOS SOBRE ENCARGO**

Las Torres, 5, 3º Altillo - Teléfono 26 60 58
25006 LLEIDA

Planchisteria **ARMÍ**

ROGER DE LAURIA, 32
(EDIFICIO CORBINS)

TEL. 23 54 70
25005 LERIDA



C/. El Vallés, 13
Tel. 23 05 82
25005 Lleida

Turbos i Equips d'injecció
tot-diesel

ÓS “FANALETES DE SANT JAUME” QUE ALUMEAN O “PEU DE ROMEU” DO APÓSTOLO SANT-IAGO EN LLEIDA

Albisco pés espidos que gadañan esperanzas de fume
dende o “Esteo da Dona” ó carón doutro río
e asemade espáren unha luz
certa e líquida
polos lizgaios gumes.

“E os fanalets de Sant Jaume
alumeándolle a espiña
trocaron
a Noite do noso Camiño
en día”.

Albisco pés espidos, que se pousan nos labres da xeada
e na arquexada sede dun gargallar de estío
deitando mel e leite polos ollos de néboa
persistente
da cidade do Sícoris.

“E os fanalets de Sant Jaume
alumeándolle a espiña
trocaron
a Noite do noso Camiño
en día”.

Escoito nos silencios dunha esquinada Historia
pegadas indelebles daqueles pés espidos
que ó paso van deixando inseridas
no Tempo
as notas dunha infinda anque Nova Melodía.

“E os fanalets de Sant Jaume
alumeándolle a espiña
trocaron
a Noite do noso Camiño
en día”.

Escoito leda orquestra nos murmurios da brisa de ás de cores
saíndo do esplendor de pés cansos e espidos:
é brincadeira música de tremorosas ascuas
artelladas
ó esconxuro secular duns faroliños.

“E os fanalets de Sant Jaume
alumeándolle a espiña
trocaron
a Noite do noso Camiño
en día”.

Atopo vagamundo, aqueles pés espidos
recubertos por ouros da fe de bosques íntimos; e

Atopo tamén, encarnada, a dor dos mil fracasos
na serpe avermellada dun espiño.

“E os fanalets de Sant Jaume
alumeándolle a espiña
trocaron
a Noite do noso Camiño
en día”.

Albisco,

Escoito,

Atopo unhas verbas tan claras
que o corazón do Home dentro do seu albor
xa no ten lindes.

Rogomhía

Adicada ó Centro Galego mediador entre a Xunta de Galicia (doadora da escultura do Apóstolo para a cidade) e o Ajuntament de Lleida

Versións castelá e catalana

Vislumbro pies desnudos que guadañan esperanzas de humo desde el "Pilar de la Señora" a orillas de otro río esparciendo, a la vez, una luz cierta y líquida por sus agudos filos.

"Y los fanalets de Sant Jaume iluminándole su espina cambiaron la Noche de Nuestro Camino en día".

Vislumbro pies desnudos que se posan en labios de la helada y en la angustiosa sed de estridencias de estío destilando miel y leche por los ojos de niebla persistente de la ciudad del Sícoris.

"Y los fanalets de Sant Jaume iluminándole su espina cambiaron la Noche de Nuestro Camino en día".

Escucho en los silencios de una esquinada Historia pisadas indelebles de aquellos pies desnudos que al paso van dejando en el Tiempo incrustadas

notas de una infinita aunque Nueva Melodía.

"Y los fanalets de Sant Jaume iluminándole su espina cambiaron la Noche de Nuestro Camino en día".

Escucho alegre orquesta en murmullos de brisa de alas de colores brotando de rutilantes pies, cansados y desnudos: Es bulliciosa música de temblorosas ascuas articuladas

al conjuro secular de farolillos.

"Y los fanalets de Sant Jaume iluminándole su espina cambiaron la Noche de Nuestro Camino en día".

Encuentro vagabundo, aquellos pies desnudos recubiertos por oros de la fe de bosques íntimos; y

Encuentro también, encarnado, el dolor de mil fracasos en la serpe escarlata de un espino.

"Y los fanalets de Sant Jaume iluminándole su espina cambiaron la Noche de Nuestro Camino en día".

Vislumbro,

Escucho,

Encuentro unas voces tan claras que el corazón del Hombre dentro de su fulgor no tiene límites.

Rogomhía

Albiro la nuesa de certs peus que godallen esperances de fum del Pilar de la Madona vora d'un altre riu i al mateix temps espargen una llum certa i líquida pels seus talls vius.

I els fanalets de Sant Jaume il.luminat-li l'espina canviaren la Nit del Camí nostre en dia.

Albiro la nuesa de certs peus que es posen als llavis de la gelada i a la anguniosa set d'una riulla d'estiu destil.lant mel i llet per aquells ulls de boira persistent de la ciutat del Sícoris.

I els fanalets de Sant Jaume il.luminat-li l'espina canviaren la Nit del Camí nostre en dia.

Escolto dintre els silencis de cantelluda Història petjades indelebles dels peus de nuesa viva que al pas ens van deixant incrustades al temps

les notes d'infinita bé que Nova Melodia

I els fanalets de Sant Jaume il.luminat-li l'espina canviaren la Nit del Camí nostre en dia.

Escolto alegre orquesta als murmuris de brisa d'ales de colors sortint dels esplendors de peus cansats i nus: és saltarina música de tremolenques brases articulades

al conjur secular d'uns fanalets

I els fanalets de Sant Jaume il.luminat-li l'espina canviaren la Nit del Camí nostre en dia.

Descobreixo vagabund aquells peus nus recoberts per tot l'or de la fe de boscos íntims; i

descobreixo també, encarnat, el dolor dels mil fracassos a la serp escarlata d'un espí

I els fanalets de Sant Jaume il.luminat-li l'espina canviaren la Nit del Camí nostre en dia.

Albiro

Escolto,

Trobo unes paraules tan clares que tot el cor de l'Home dins de sa replendor ja no té límits.

Rogomhía

VEÑO DE LER. EMIGRANTE. AS TÚAS CARTAS

- LIN-** **Lin**, emigrante, **ANTONTE** a carta túa nunha
gua fermosa pero allea ó teu fondo sentir e pensamento;
mais son letras de amorosa saudade e de lembranza.
Lembranza de:
aquele xogo infantil de boliñas de cores (“primeira/
truque máis truque / pé / ¿mídocho? / paso de bola /
- GUA)** co seu triunfo agochado na nenez dun buraco e que ti
argallaras no chan húmido / enxoiro da nosa terra sagra.
ONTE volvin a le-la túa nova carta, redactada
en “castrapo”, mais sempre matinando no amor e na lembranza.
Lembranza de:
- GA-** rabullíños tesos, crucificados á rosa de papel dunha estornela
onde o vento enredara os teus soños de neno ás aspas
brincadeiras; e de
galiñas ceibas, coma ti, nas eiras da túa aldea; e de
gado que pasta nos montes e que comparte a herba coa grea dun cabalo
garañón ó trote pola gándara espida da súa alma de fera; e dos
gadaños que rozan toxos mansos con que estrabas a corte e a camada; e
gamelas que van na túa campaña, ademais das
galadas de peixes e batracios no cristal, atrapados desas augas tan
limpas que xa non se precisan espellos na tua casa.
E segues a lembrarte da :
- LE-** da intimidade aberta da lareira; e de contos e
lerías naqueles escanís do lombo quedo e da morna amizade mentres
que o millo cae, ó son de Avemarias, nos cestos, debullados; e mesmo
o refugallo (carozos feitos fume) que lambiscan a roibén
dunhos chourizos preto da gramalleira pendurados ...
HOXE recibín, emigrante, a derradeira e abofé
que me deixaches abraiada: Vés de escribi-la carta
máis fermosa na túa propia lingua moi coidada.
E agora como a fineza túa ben o di: “ non despreciando ...”
agora ¡sí que sabes!. Pois soubeches darlle a canle máis precisa
o teu fondo sentir e pensamento doado,
e soubeches levar esforzo e inquedaanza ó álveo do teu río
de amor e de lembranza.
Lembranza da
- GA-** **LEGA LINGUA NOSA**, tan belida de seu
que foi a doce lingua de Cantigas,
Xograres e de Reis.

Rogomhía
(Lleida, III-95)

*Adicada ó profesor Xulio
e ós compañeiros do cursiñode galego 94-95*

XIII CURSO DE FOLKLORE GALEGO

A Semana Santa pasada (do ano 1.995), entre os días 10 ó 15 de abril, dous compoñentes do Grupo Xurdimento - concretamente Luís Mariano de la Torre e eu mesma - participamos no 13º Curso de Folklore Galego en Lugo, organizado pola Xunta de Galicia, xunto coa agrupación folclórica cultural "Cantigas e Frores" da propia cidade de Lugo. Neste curso participabamos fillos de galegos no exterior de todo o mundo: de Venezuela, Suiza, Arxentina, Brasil, España e incluso Australia. Tiña como base a asistencia a distintas especialidades: Afinación de Gaitas, Perfeccionamento de Pandeireta e Tamboril, Confección de Palletas e Pallóns e Perfeccionamento do Baile Típico Galego.



Tódolos participantes estabamos instalados na Residencia Universitaria e cada mañán desplazabámonos ate as distintas instalacións e dependencias onde nos adicabamos a cada unha das especialidades elixidas durante o día, tanto das prácticas coma das teóricas.

Ademais do traballo profundo, "a concencia", perante os días que durou o curso, tamén houbo momentos de lecer: unha excursión polo Canón do Sil e as saídas nocturnas pola zona dos viños da cidade.

O último día adicáronnos unha cea-baile de clausura nun luxoso restaurante, precedida da

entrega dos Diplomas e o saúdo das autoridades e profesores que fixeron posible o curso.

Este curso, na entrañable cidade de Lugo, serviu para que tódolos cursillistas participásemos na construción dunha galegitude que teña un fondo sentido espiritual e material. É por isto que o curso foi en todo o seu contido, unha especie de gabanza a tódolos galegos espallados polo mundo que nos souberon imprimir aos seus descendentes, que nacemos e medramos noutras culturas, o orgullo de sermos galegos.

EMMA SUEVOS GUILLAMET

Servicio Oficial Electrainjection

Lucas

CALIDAD & CONFORT
AIRE ACONDICIONADO

INTER MOTORS, C. B.

C.I.F. B-25231374

Tel. (973) 23 95 16
Avda. Corts Catalanes, 30

Fax (973) 23 09 88
25005 LLEIDA

Cambiamos el motor de su vehículo
en 24 horas

Somos especialistas en motores
Disponemos de Stok

Ante cualquier problema de su motor consúltenos

VOCALÍA DA MULLER



E MARIA DEL PUY RUBIO. A organización dun coloquio sobre o estado das linguas Galega, Catalana e Castellana.

No mes de marzal, como cada ano, tivémola responsabilidade de levar adiante a celebración da tradicional "Calçotada", na ermida de Grayena, á que asistiron moitísimas persoas socias, simpatizantes e autoridades: Representantes do Concello de Lleida, Diputación, Consell Comarcal del Segrià así como tamén da Generalitat de Catalunya.

Perante os meses de maio, xuño e setembro cóuponos a satisfacción de organizar diversas excursións culturais. A primeira, de tres días, á Costa Brava con visitas a Lloret de Mar, Tossa de Mar, Rosas, Perelada -con visitas varias, como a do interesante Museu e a do famoso Castelo- Platja d'Haro e Palamós.

A segunda ó Parque temático de "PORT AVENTURA" en Salou. A terceira, tamén de tres días, á Catalunya Nord, con visitas a Andorra, Soldeu, Santuario de Meritxell, La Seu d'Urgell e seu Parque del Segre, Font Romeu, Mont Louis, Llivia e a súa famosa farmacia. Puigcerdà e Foix, cidade irmanada con Lleida. Nesta cidade francesa o Grupo foi distinguido por unha recepción do Concello, e as propias Autoridades municipais agasalláronnos coa entrega da medalla de prata da cidade.

Nos meses de febreiro, xuño e decembro, a Vocalía da Muller ten celebrado as tradicionais festas-cea de Santa Águeda, Fin de Curso e Santa Lucía.

No mes de outubro, por cuarto ano consecutivo, a Vocalía da Muller colabora coa CRUZ VERMELLA, organizando unha mesa demandante na tradicional cuestación que se celebra anualmente.

Perante o último trimestre do ano, téñense incorporado máis asociadas á vocalía, a salientar a incorporación de socios que tamén fan manualidades. No mes de decembro tivemos unha destacada adicación na confección de artísticos "centros navideños", actividade dirixida -coma en anos anteriores- por ROSA PASCUAL.

Como nas anteriores ocasións, aproveito a oportunidade que me brinda a Revista "XURDIMENTO", para facer un chamamento a tódolas asociadas e asociados que o desexen para que se integren nas actividades da Vocalía e ó resto das moitas actividades que o Centro Galego de Lleida ofrece.

MARTA ROIGE I MOSTANY
Presidenta da Vocalía da Muller

L. Castro. Los hábitos del artillero.

COL. VISOR DE POESIA, MADRID 1990.

Ó falar da Literatura Galega existe a tendencia xeneralizada de remontarnos a tempos pretéritos, a votar man deses nomes emblemáticos, de incuestionable valía pero lonxanos no tempo. Tamén agora imos votar unha ollada atrás, anque tan só uns aniños, ca finalidade de recupera-las palabras, os versos dunha escritora xoven nada en Foz (Lugo) e de nome **Luisa Castro** a quen lle foi concedido, no 1988, co seu libro *Los hábitos del artillero*, o VIº Premio Rei Xoan Carlos de Poesía.

¿Cando non é enigmática a poesía?, por acaso esta sexa a primeira pregunta que un teña que fagerse cando se atopa diante duns versos que a primeira vista desconcértano e pouco a pouco van introducindo nun mundo unha miguiña obscuro, mundo interior que se agocha detrás deles. Os pensamentos dun ser humán, as reflexións matina-das, sensacións, recordos, ou ó mellor un simple ensaio das habilidades poden ser encubertos con soti-leza. Sen lugar a dúbidas *Los hábitos del artillero*, goza dese misterio, desa soti-leza e á súa vegada dunha fereza inusual; elementos que verso a verso van xurdindo e combinándose quizáis co fin de reflectir os avatares dunha vida, xa no recordo xa no presente.

Unha peregrinaxe, unhas sombras da nenez e unha certa desazón diante da vida, a ameaza dun mundo que se achega con forza e destrución, un mundo novo que intimida e acobarda pero ó que, a pesares de todo, dá-selle a benvida. Os materiais avellados, os lugares xa esquecidos son substituídos e abandonados, lugares que en ocasións, foron os primeiros en acollernos e forxarnos. A evolución do ser humán, o camiño da vida, o temido paso do tempo e esa estremecedora ollada atrás que tanto asusta cando un non se recoñece. Luisa Castro fálanos de todo eso, os seus versos gardan celosamente un valioso material, unhas reflexións sobor da vida, sobor da fugacidade do tempo, sobor diversos e variados mundos (a nenez, a ancianidade), tal vez enfrontados, tal vez complementados, todo encuberto con imaxens de gran beleza e simbolismo.

A escritora preséntanos unha paisaxe desbordante de natureza, recreáanos un mundo rural, a evocación dunhas orixens, dunhas costumes, os seus; a aparición do reino animal xunto a outro mundo: o mariñeiro. Todo tinxido por unha suxerente obscuridade que non aplaca a denuncia, a queixa, as súas inquedanzas diante dun mundo contradit-orio rico en inseguridades e desexoso de destrución que por outra banda, é para nós tan próximo.

Catro son os apartados en que se nos presenta o libro de poemas: O reino submarino; Os alimentos; A cacería e As sinais cunha soa bandeira. E en cada un deses apartados, en maior ou menor grao, a imaxinación de Luisa Castro déixanos as portas abertas para a interpretación. O tortuoso camiño da vida materializado con axuda do reino natural: animal, vexetal e marítimo. Exemplos do mar e da terra, exemplos sen dúbida, intensamente familiarizados co ambiente rural da Galicia de nacemento da autora. Evidente é por outra banda, a vinculación do home galego tanto co mar coma coa natureza. A simbioloxía dunha paisaxe inquedante, en ocasións, capaz de acentuar a súa sensación de soedade e incrementar o seu temor diante da vida; unha paisaxe, noutras, que lle reconforta; sinónimo, en varia-das ocasións, dos seus recordos máis intensos - lembranzas de nena - .

Luisa Castro analiza e debulla os cambios paradóxicos ós que nos somete a vida, xoga coa realidade máis cruda e a imaxinación, e en definitiva transpórtanos cos seus versos a un mundo de reflexión, onde quizáis o único supervivinte poida ser un artillero, un loitador.

Para rematar, tan só nos resta convidar ó descubrimento por un mesmo de toda esa "ficción", para que cada quen tire a súa propia lección e aprenda, como os versos da autora apuntan a "...orientarse sin peligro entre los bancos de niebla".

M. TORRES BADIA.

(Licenciada en Filoloxía Hispánica).

SEGURIDADE EN SÍ MESMO

¿QUÉ É A AUTOCONCIENCIA?

A autoconciencia é a unha propiedade central da personalidade que non é hereditaria senon que se vai desenvolvendo lentamente a partires da nenez. Con indicacións ludatorias e afirmativas vaíse creando unha base para a seguridade e confianza en sí mesmo.

Pero según as observacións dos psicólogos, na educación actual dos nenos danse polo menos dez repreñsións por cada loubanza.

Con elo non se fomenta senon que se frea o desenvolvemento pleno da autoconciencia.

Cantas máis frustracións (decepcións e feridas psíquicas) experimente unha persoa ó longo da súa vida tanto máis se debilita a súa máis ou menos desenvolvida autoconciencia e tanto máis insegura e angustiada se volve.

Millóns de persoas teñen dificultades coa súa autoconciencia por razón da súa educación e do ambiente que lles rodea. Asegún estimacións dos psicólogos, o 70% da poboación de máis de 16 anos vota de menos un pouco da seguridade en sí mesmos.

A FRUSTACIÓN E AS SÚAS CONSECUCIAS.

É coñecida en psicoloxía a chamada "Teoría da frustración-agresión" de Dollard e outros psicólogos americanos que afirma que as frustracións (desenganos, feridas psíquicas) provocan agresións. Pero as frustracións non provocan só ataques e agresións, senon tamén, asegún o demostran investigacións máis recentes, regresións fixacións, apatía, síntomas psicossomáticos.

A AGRESIÓN É SÓ UNHA CONSECUCIA.

As frustracións son causa dunha débil autoconciencia. Tódolos sentimentos de inferioridade orixínanse a causa de frustracións na nenez, na

xuventude ou en idade posterior.

Hai moitos homes que sofren por frustracións pasadas toda a súa vida e a causa da diminución da seguridade propia vólvense agresivos e firen pola súa banda (frustan) a outras persoas que á súa vez expanden a súa propia agresión. A agresión pode volverse tamén contra da propia persoa, por exemplo, como regresión, fixación, cohibición, apatía ou como un síntoma psicossomático.

EDUCACIÓN REPRESIVA.

A educación xoga un papel decisivo na orixe da seguridade en si mesmo ou dos sentimentos de inferioridade. Os cementos bótanse na casa paterna. Logo son de gran importancia as experiencias da primeira escola, da puberdade e dos primeiros anos de traballo profesional.

OPRESIÓN TEMPRANA.

Xeralmente o neno non medra nun ambiente de liberdade senon que acostúmase a reprimir seu impulso normal de expansión. O estilo de educación e actuación do 90% dos pais, mestres, Xefes e demais persoas relacionadas co neno acostuma a ser autoritario a pesares da palabrería da moda sobor da "educación antiautoritaria". Este concepto trouxo incluso desventaxa porque moitos pais asústanse cos relatos da televisión sobor da carga antiautoritaria dos nenos e indentifican a educación antiautoritaria coa anarquía, o terror, a criminalidade e a agresión.

LOUBANZA E CENSURA.

Se se observase perante un ano seguido o modo de educar dos pais e se contasen as loubanzas e censuras descubriríase que por cada loubanza chegan 10 observacións de censura. Unha enquisa entre pais alemáns amosou que moitos pais senten máis

inclinación a castigar que a loubar. Moitos matinaban que incluso é posible educar ós fillos sen loubalos.

Naturalmente que esto non pasa pola alma dos nenos sen deixar pegadas. ¿Como pode crer el na súa valía se fai continuamente tantas cousas censurables e nengunha digna de loubanza? Tanto os maiores como os cativos senten que se confía neles. A mellor maneira de acadar esto é o recoñecemento e a loubanza dos seus actos.

VIOLENCIA COMO REACCIÓN.

Polo estilo autoritario de educación producen tamén o criminal agresivo que intenta compensar seus complexos de inferioridade con actos violentos criminais. Neste caso quedan os pais inxenuamente abraizados do produto da súa educación. A herdanza acostuma a servir para disculpalos: ¿De quen herdou eso?.

Non o herdou de naide senon que é un modo de compensación ó que lle empurraron as experiencias do seu entorno. O criminal posúe suficiente vitalidade e enerxía vital como para equilibrar coa súa irracional acción violenta toda miseria da súa situación e o rebaixo da súa persoa. Polo menos intento e en parte as posibilidades de acadalo non son pequenas.

Pero con elo non pode acadar seguridade en si mesmo e esto evidénciase-lle na fuxida ou diante do tribunal.

ACOMODACIÓN E AMBICIÓN.

Pero a consecuencia dunha educación autoritaria non é, do ordinario, a criminalidade senon a acomodación e a ambición o afán de eficiencia. Se a criminalidade fora regra, non se habería poder impoñer este sistema de educación.

SENTIDO DA PSICOHIXIENE.

A xuventude atópase especialmente

desarmada contra os corruptores disimulados. Dos maiores poderíase agardar un sentido de psiohixiene. Na realidade son poucos os adultos que posúen un verdadeiro sentido da hixiene psíquica persoal.

Esto semella craro diante de todo na propaganda que se fai dos pitillos que son dañinos para a saúde.

“As persoas seguras de si mesmos, felices, xóvenes, optimistas fuman...” É dicir que non só venden o pitillo senon que tamén a seguridade en si mesmo, a felicidade, a xuventude e o optimismo. Así o home vaise facendo totalmente escravo do consumo de autos, cosméticos, pitillos, drogas, alcohol, determinados mobeis, etc... para chegar a ser mais seguro de si mesmo, mais feliz e mais xuvenil. Pero polo camiño do consumo, é imposible chegar á felicidade nin a autoconciencia ou seguridade en si mesmo.

Pero cando o home caiu preso desta herexía resulta moi difícil que salga dela. Todo o sistema educativo de frustración que se emprega volvese mais vulnerable e inclinado a crer na felicidade do consumo. ¿Como cal saber que por ese camiño non se vai a ningures? Naide llelo dice; nin o locutor da televisión, nin a propaganda, nin o político, nin o mestre, nin o xefe. Os psicólogos e terapeutas sábeno pero raras veces poden manifestar as súas teorías porque están demasiado ocupados co traballo terapeutico dos seus pacientes e apenas lles queda tempo para dirixirse ó gran público. Axudan individualmente ó paciente e espera poder axudarlle así á humanidade. Cun tipo de aclaración psicolóxica poderíase no futuro axudar máis que ate no presente, á humanidade.

CONFIANZA E FORZA.

A seguridade en si mesmos e o optimismo están intimamente cinguidos, o mesmo co sentimento de inferioridade e o pesimismo. Para practicala psiohixiene.

Arrodéese de persoas que lle conta-

xien o seu optimismo. O optimismo daralle forza para superar as dificultades e resolver mellor os seus problemas de frustración.

Os pensamentos optimistas son tan contaxiosos coma os pesimistas. O optimismo dalle a vostede, confianza e forza namentres que o pesimismo quitalle a esperanza e a enerxía.

O pesimista chégase a sentir conforme cos seus sentimentos de inferioridade. Non cre nas súas facultades e no éxito dos seus plans, Está decepcionado (frustrado) polas súas experiencias negativas e non ten expectativas positivas. Con esto privase a si mesmo de moitas ledicias da vida.

LEDICIA DE VIVIR COMO OBXECTIVO DA VIDA.

Unha autoconciencia forte vai cinguida á ledicia de vivir.

O que é capaz de aceptarse e sentirse a gusto consigo mesmo, ten tamén capacidade para aceptar ós demais. Esta é unha razón máis para que vostede escolla os seus amigos que non son capaces de aceptarlle a vostede, e en ofrecerlle un amor aberto e optimista.

Unha vegada desenrolada a súa autoconciencia será vostede máis inmune fronte ós pesimistas inseguros. Entonces non se deixará influenciar tan facilmente da súa inseguridade e resignación.

RECOÑECIMENTO SOCIAL.

O sentimento de que un é recoñecido polos demais xoga un papel importante. O prestixio social que, por exemplo se da nos médicos e abogados de modo extraordinario, e a posibilidade de coñecer a outros homes de ter conversas interesantes, lévalles a sentirse plenamente realizados e a ver na súa profesión un sentido incluso para os demais. Todo isto produce un sentimento de propia valía.

SEN AMOR NON HAI CONFIANZA EN SI MESMO.

O especialista vienés en suicidios

Gernot Sonneck constatou : “Ningunha persoa que atope suficiente amor se suicida”.

Dende o punto de vista psicolóxico, isto significa que os homes non se poden manter, sen amor e confianza en si mesmos porque non ven posibilidade de realizárense.

O fallo da seguridade en si mesmo non sempre ten a consecuencia extrema de intentos de suicidio senon outras moitas reaccións como dificultades de contacto humano, cohibición, tartamudeo, sofocos, impotencia, ansia...etc.

FRUSTACIÓNS NO TRATO COS DEMAIS.

As vivencias de frustración (decepcións) son as que inducen dificultades nas relacións interpersonais.

A autoconciencia maniféstase no trato cos demais. Toda persoa é calificada asegún sexa o modo de autoconciencia con que se presenta.

O que fai impresión de autoconsciente ten mais éxitos no trato cos demais e pode afirmarse e salir airoso con mais facilidade. O de menos autoconciencia e menos seguro de si mesmo é considerado como “pouco maduro” e polo mesmo é tratado con menos consideración. O ingreso cae nun círculo vicioso do que apenas lle resulta posible saír.

FRECUENTE MEDO DE FALAR.

Moitas persoas non poden falar con liberdade e sen cohibición diante dun grupo algo numeroso de xente. A súa seguridade en si mesmo cae de súpeto ó chan diante dun cometido deste tipo. ¿A qué se debe isto? A causa está moitas veces na escola. Alí é onde viviu as primeiras experiencias de frustración.

"QUICO"

BIBLIOGRAFIA

De PETER LAUSTER. Obra alemaña titulada:

SIBST BEWUSSTSEIN KANN MAN LERNEM.

O GRUPO XURDIMENTO

Xa pasaron dezaseis meses dende a miña estancia en Lleida, dezaseis longos e intensos meses. Berna, Xenebra, San Sebastián, todo por e para difundir-lo folklore galego, así como guiar un chisco a eses pícaros, e non tan cativos, amantes do baile e da nosa terra galega.

Foron uns meses maravillosos, nunca tiña coñecido a tanta xente en tan pouco tempo, xentes con culturas diversas, pero cun denominador común : GALICIA. De todo isto sorprendeume o sentir de persoas con ningunha orixe galega, por veces máis intenso que o do propio galego, e da maravillosa acollida que me brindaron todos e cada un dos fermosos lugares que visitei.

De todos veño cargadiña de sensacións, experiencias, nomes, moitos nomes que entran a formar parte da miña vida dende ese mes de setembro pasado.

Pola miña banda procurei facer o meu traballo o mellor posible, púxenlle todo o meu empeño e experiencia na miña labor, nuns sitios viuse axiña o resultado e noutros pouco a pouco se verá. En tan só dúas semanas é imposible cambiar, a non ser unha fada madriña dos contos. O resultado depende da atención e da boa vontade posta no curso e, como non, do despois; sen ese mañán, ese día a día que seguirá a miña marcha, o meu traballo tería sido en vano. Traballade e seguidе adelante.

GUADALUPE



“UN TRATO É UN TRATO”

Adoitados ós trinta e tantos grados de calor que normalmente temos aquí en Barcelona durante todo o verán, a calquera se lle pode esquecer-la roupa de abrigo á hora de enche-la maleta par irmos de vacacións ó noso país, e despois alí que o clima, polas mañás e tardiñas é máis frío -e sobre todo se un vai a Lugo naquelas mañás nas que a néboa se pousa enriba da Muralla-, pois, é doado que lle ocorra o mesmo que me pasou a min no agosto pasado, que unha desas mañás camiñaba polas rúas lucenses en compañía da miña muller -outros din a miña dona, pero eu como son de Piñeira da Fonsagrada, digo a muller-, e tamén a Carolina, a nosa filla de nove anos. O caso é que eu que camiñaba en mangas de camisa de imitación a seda, a néboa cada vez máis me enfriaba o lombo, e case que estaba a piques de aterecer, así que, comentei coa muller. -Imos entrar nunha tenda para mercar un xerseí, que eu aterezo-. A cativa que parece unha “cotorra”, sempre ten algo que dicir, e como din na miña aldea “ocúrrenselle como a unha burra, peidos”, antes de entrar na primeira tenda meteu baza e dixo -Papá facemos un trato.- E logo respondín eu, a cativa segue a explica-la súa proposta e dixo “mira, nós entramos na tenda da roupa e pedimo-lo xerseí, pero sempre falando a nosa Lingua, o Galego; e na tenda en que os dependentes nos falen en Galego mercámolo, e se non atopamos ningunha, ti segues pasando frío e co diñeiro que aforras mercas algo para min, -A miña muller sorriu e comentou: hoxe morres de frío.- A oferta da Carolina, era tentadora, así que aceptei o trato.

Aínda que isto sexa increíble a verdade é que é certo: entramos na primeira tenda, na segunda, na terceira... e a fala dominante era o “Gastrapo”; e un, xa incrédulo e farto do que estaba pasando, no último intento, de “chiripa”, entramos nunha tenda pequena, onde nos atendeu unha muller xa de avanzada idade e por suposto, nun galego enxebre, así que por fin podía merca-lo xerseí. Dos dous modelos que me amosou, escollín un deles, -a Carolina preocupada por se perdía o trato, comezaba a amosarse inqueda- e cando lle dixen á Señora: “púñame este”, a Carolina xa non calou e tivo que meter baza; así como quen non fai caso espetoume “papá a min gústame máis este, mira, merca este que é máis belido”, boa fixo; de súpeto a señora entrou en conversa coa Carolina, “Y luejo a ti te gusta más este” e seguiu dándolle conversa a cativa que como nunca cala e a señora naqueles intres non tiña moita tarefa, ámbalas dúas lánguidamente mataban o tempo nunha animada conversa: a Señora en “Gastrapo”, e a Carolina en Galego, namentres a mín xa me volvían a doe-las costas co frío ó ver que se me ía a escaralla-lo trato. ¿Por que será que ós cativos sempre lles falan ese dialecto?. Mais síntoo pola Señora, que se quedou muda e sen entende-la miña postura ó irme sen merca-lo xerseí, coído que cando reciba esta historia o entenderá e seguro que me desculpa, porque como din na miña aldea. “Un trato é un trato”. Ademais en Galego véndese máis, e senón que lle pregunten ós tendeiros cataláns.

ANTONIO DIAZ FERNANDEZ
Lugo agosto de 1.995

LA PLAÇA DELS FANALETES DE SANT JAUME I EL SEU MONUMENT

Des del passat mes de maig de 1.995, Lleida compta amb un monument dedicat al "Camino de Santiago", ofert per la Xunta de Galicia i realitzat en bronze per l'escultor lleidatà Victor Pallarès. El monument ha estat instal·lat a l'anomenada plaça dels Fanalets de Sant Jaume, en el bell mig del barri antic de la ciutat, concretament davant l'absis de l'antic convent del Roser, avui seu de l'Escola de Belles Arts i del Museu Morera.

Quin ha estat, però, el motiu d'aquest monument? i com fou que aquesta plaça que avui ocupa l'indret que anys enrera ho feia un antic immoble, ha estat batejada amb el nom que ens evoca l'antiga llegenda de Sant Jaume i els Fanalets?

La història ens remunta al mes d'octubre de 1.990, quan la directiva de l'Agrupació llerdenca de Pessebristes, presidida per en Llorenç Domingo, sol·licita oficialment a la Paeria que es doni el nom de "Plaça dels Fanalets de Sant Jaume" a l'espai obert a l'entorn de l'antic convent del Roser, molt proper a la capella del Peu del Romeu, en el carrer Cavallers: "...sol·licitem tingui a bé aquest Ajuntament, previs els tràmits oportuns, atendre aquesta petició en record i prestigi de les nostres tradicions i així Lleida pugui comptar amb el testimoni de la tradició dels Fanalets de Sant Jaume, figurant dintre de la seva urbanització, en l'esmentada plaça un monument o retaule significatiu d'aquesta única tradició lleidatana". Amb aquests termes, es varen dirigir els pessebristes lleidatans tot aconseguint de la Paeria una resposta positiva, ja que pocs mesos després, el 19 de febrer de 1.991, una comissió especial presidida per la regidora Carmina Pardo acordà per unanimitat donar aquest nom. Pocs dies després, una placa deixava constància de que aquella era, per voluntat dels lleidatans, la Plaça dels Fanalets de Sant Jaume.



L'absis de l'antic convent del Roser, amb la placa que ens recorda que estem a la Plaça dels Fanalets de Sant Jaume

EL CENTRO GALEGO ES VA SUMAR A LA INICIATIVA

La iniciativa dels pessebristes lleidatans va tenir immediatament el suport de la junta directiva del Centro Galego, presidida aleshores per Xulio Fontán. Els gallecs lleidatans van fer també la seva sol·licitud d'adhesió a la proposta, a la vegada que s'ofereixen per endegar accions a fi i efecte de que sigui la Xunta de Galicia, amb motiu del Xacobeu.93, la que ofereixi a la ciutat de Lleida un monument dedicat a Sant

Jaume, a la tradició lleidatana dels Fanalets així com al "Camino de Santiago"

EL PRESIDENT DE LA XUNTA PROMET EL MONUMENT

El dia 5 de maig d'aquell any, el President de la Xunta de Galicia, Manuel Fraga Iribarne visita Lleida per inaugurar la nova seu del Centro Galego, al carrer Joc de la Bola. En el decurs de la mateixa, a instàncies del paer en cap i del president del Centro Galego, Fraga es compromet a que Lleida tingui un monument a Sant Jaume, en la plaça dels Fanalets, ofert per la Xunta de Galicia, com a signe de germanor entre dos pobles units per la història i la tradició entorn a la figura senyera de l'apòstol Sant Jaume.

LA PAERIA INSTAL·LA EL MONUMENT EL MAIG DE 1.995

Aquest compromís de la Xunta de Galicia es materialitza en el mes de maig de 1.995, quan l'Ajuntament de Lleida instal·la en la Plaça dels Fanalets de Sant Jaume un relleu realitzat en bronze per l'escultor lleidatà Victor Pallarès, d'acord amb l'encàrrec que li havia estat fet per la Paeria i sota el patrocini de la Xunta de Galicia. Aquesta magnífica obra representa a Sant Jaume peregrí i al fons el "Camino de Santiago". Al peu del relleu, emmarcat en pedra, es pot llegir la següent llegenda: "L'Ajuntament agraeix a la Xunta de Galicia i al Centro Galego la seva col·laboració en la donació d'aquesta escultura a la ciutat de Lleida".

El monument, ara per ara, encara no ha estat inaugurat oficialment ni la plaça és urbanitzada, el que fa previsible que fins i tot aquest sigui instal·lat en un nou indret d'acord amb la futura urbanització de l'entorn.

Tot esperant la seva inauguració, Lleida gaudeix ja del seu monument a Sant Jaume en la plaça dels Fanalets, testimoni en art, pedra i bronze de tota una tradició arrelada a l'entorn de l'apòstol. Els possebristes i el Centre Gallec, Lleida i Galicia ho han fet possible.



L'escultor lleidatà Victor Pallarès es l'autor del relleu en bronze de Sant Jaume i el "Camino de Santiago"

JORDI CURCÓ I PUEYO

LLEIDA.

Cantos de Sirenas.

Hay lugares en el mundo rodeados de una aura de misterio e imagen de inaccesibles, que actúan como poderosos imanes. Este es el caso de la antigua **Ilerda** cuyo nombre evoca las gestas de Indíbil y Mandonio o la lucha entre las legiones romanas.

Está situada, la hoy **Lleida**, en el centro de las llanuras del Segriá y en un cruce de caminos que conducen hacia Barcelona y Tarragona y, por los valles pirenaicos, hacia Francia. Su emplazamiento sobre un cerro testigo, en la ribera del río, el antiguo Sícoris de los romanos, que cansado de dar saltos por la montaña llega manso a besar los pies de esta ciudad, antes de ir a morir en el Ebro y que se encuentra con una ciudad que vive

intensamente y que, como moza coquetona, se mira cada mañana y cada atardecer en las aguas de este río que le sirve como el espejo a la doncella enamorada.


El pasado y el presente se unen en esta ciudad, capaz de conservar los vestigios medievales de su historia y, al mismo tiempo, dejarse abrazar por vientos de modernidad. Si por un lado se levanta con orgullo el **símbolo de Lleida, la Seo Antigua**, que para los leridanos es el recuerdo perenne de donde nació la ciudad, y que alrededor de cuya colina, en sus vertientes meridional y occidental se extendió la ciudad conquistada el 24 de octubre de 1.149 por las fuerzas de Ramón Berenguer IV de Barcelona y Ermengol VI de Urgel

a los sarracenos, por otro nos encontramos con el despegue poblacional, comercial e industrial que convierten a Lleida en una ciudad moderna, con amplias avenidas, grandes espacios donde el verde es el color dominante, altos edificios, de estilo funcional y aspecto agradable, configurando un núcleo turístico y cultural de obligada visita.

La calle Mayor y sus prolongaciones, con unos dos kilómetros de todo tipo de tiendas comerciales, hacen de este lugar una visita obligada para el viajero que llegue hasta la ciudad. Cada mañana se convierte en un hormiguero de gente, que una vez despierta del sueño nocturno y a medida que el nuevo día abre sus grifos de luz, va acudiendo presurosa a la habitual y diaria cita. Puertas que se abren para ofrecer a los leridanos y a todos los transeúntes sus diferentes productos.

Las comunicaciones y el comercio han sido factores básicos en el progreso de la ciudad; unas comunicaciones excelentes que han permitido el fácil acceso diario. Como también resaltar la importancia del agua que riega las fértiles tierras que rodean Lleida.

El núcleo urbano que nació alrededor de la Seo y la Suda ha ido bajando por la falda del "Mons





distinta a la vivida momentos antes. En pocas ciudades se encuentra la belleza y simpatía de las muchachas leridanas.

Es la hora en que la ciudad se mira en el espejo que el río Segre le ofrece y donde toda su belleza parece hacerse presente en la hora que las legendarias sirenas de estas aguas entonan su canto nocturno. Un canto que durante tiempo se vio simbolizado por la mítica **Fuente de las Sirenas** ubicada en la plaza San Jaume.


JOAN BELLMUNT

Publicus" como la llamaban los romanos y ha llegado hasta el Segre. La ciudad, sin embargo, en plena expansión, no se ha parado aquí, sino que ha buscado más espacios libres para ir creciendo, y así hemos visto la transformación de la ciudad en muy pocos años, ni el Segre ha sido capaz de parar esta ola de nuevos edificios.

La ciudad vieja, que conserva todo su tipismo, con sus calles adoquinadas donde proliferan los bares, punto de encuentro donde cada atardecer empieza la bulliciosa movida juvenil, contrasta con la ciudad de las rápidas avenidas donde estos mismos jóvenes dejan sentir su paso con el rugir de sus motos cuando llega la hora del cierre.

Una calle está cerrada al tráfico, la calle Mayor. Lugar idóneo para sentarse bajo los pórticos o el banco de piedra adosado a la vieja

y noble Paeria y ver como pasa la gente. La Paeria es la petrificación de la historia humana de Lleida. La calle Mayor es la espina dorsal de la vida ciudadana. Al cerrar los comercios todo adopta un aire de pausa. Las jóvenes vendedoras, cuando cierran los comercios, dan un aire alegre y festivo que poco a poco se va apagando, dejando una calle tranquila completamente





**PROYECTOS
E INSTALACIONES
ELECTRICAS**

C/. Barón de Eroles, 3
Tel. 23 20 58 - Fax 22 18 22
25008 LLEIDA

kentia



kentia
CENTER

Floristería - Cerámicas
Objetos de regalo

Obispo Torres, 7-9
Tel. 26 59 67
LLEIDA

Gobernador Moncada, 11
Tel. 27 22 82
LLEIDA

SANTIAGO SINALA OUTRA VEZ O CAMIÑO

CAPITAL EUROPEA DEL 2000

Juntament amb d'altres vuit ciutats continentals de França (Avinyó), de Noruega (Bergen), d'Itàlia (Bolònia), de Bèlgica (Brussel·les), de Polònia (Cracòvia), de Finlàndia (Helsinki), d'Islàndia (Reykjaviç) i de Txèquia (Praga), **Santiago de Compostela** ha estat escollida Capital Cultural Europea del 2000, i amb les que formarà com un "nou camí cultural" i a les que servirà de far i guia en aquest moment d'entrada en el nou mil·lenni.

Santiago de Compostela està vivint uns moments "dolços" de la seva existència. Encara no s'han apagat els reflexos del Jacobeu 93 i el Vè Centenari de la seva Universitat, que s'estan preparant pel Jacobeu 99 i poc després per a ser seu de ciutat cultural d'Europa.

A més a més, en aquesta tasca hi ha hagut una complementarietat entre les diverses Administracions (Ajuntament, Xunta, Estat), que han fet història i per a que serveixi d'exemple de com s'ha de treballar quan hi ha una fita comuna a desenvolupar, sense oblidar el sector privat.

Per tal de poder fer-hi front a aquesta magnífica avinentesa, **Santiago** compta amb molt bones eines, pel que el repte que se li presenta serà sobradament superat.

La Ciutat és sobradament preparada en estructures turístico-culturals que quedaran complementades amb el meravellós Centre Galego d'Art Contemporani, i són en camí de realitzar-se les d'oci i comunicació (Parc temàtic i Cinturó perifèric). La relació engegada amb les altres Ciutats Culturals Europees permetrà enriquir els aspectes solidaris i d'enteniment.

S'ha de tenir en compte també que el pressupost que es posa en joc per tal de dur a terme les diferents propostes sobrepasa els quatre mil milions de pessetes, definint clarament quatre conceptes bàsics a desenvolupar: l'entorn natural, el pensament o ideari galec, l'espectacle entre oci i cultura, la creativitat envers el desenvolupament i el progrés i, com no, l'esperit solidari.

La Cultura no ha de ser només un negoci, però tampoc una fallida, assolint-se la superació de la cultura només com a espectacle, segons ens ha trasmès en diferents ocasions l'Alcalde de **Santiago**, D.Xerardo Estévez.

Aquest cop **Santiago de Compostela** serà el punt d'encontre més important d'Europa i ens permetrà que puguem gaudir en una concentració en el temps i l'espai dels aconteixements culturals més grans que mai s'ha vist fins avui.

Santiago ens marca, altre cop, el camí a seguir.

(*) *Francesc CABALLERO, és soci-col·laborador del Centro Galego de Lleida i ex-Regidor de Relacions Ciutadanes de la Paeria de Lleida.*

INSTITUCIONS COLABORADORAS



PRESIDENCIA

SECRETARIA XERAL PARA AS RELACIONES

COAS COMUNIDADES GALEGAS



Paeria Ajuntament de Lleida



Diputació de Lleida



Consell Comarcal del Segrià



Departament de Benestar Social de la Generalitat de Catalunya

Federación de Centros Galegos de Catalunya

Federación Casas Regionales de Lleida



Restaurant Centro Galego

JOC DE LA BOLA, 20 • TEL.: 27 03 02 • 25003 LLEIDA

TAPAS VARIADAS • MENÚ DIARIO • COMEDOR A LA CARTA
ESPECIALIDAD EN MARISCO Y PRODUCTOS DE GALICIA

DIRECCIÓN: JAIME Y BEA



Estem de servei



Estem sempre al costat dels nostres clients. Les 24 hores del dia. Treballant amb el ferm propòsit d'assolir, dia a dia, una millor qualitat en l'atenció i el servei.

Oferint el tracte més agradable. Innovant tecnològicament des dels centres de producció als sistemes de distribució. Vetllant pel respecte al nostre entorn.

Només així, amb aquest esperit de superació, podem fer realitat la nostra vocació de millora.

 **enher**
En bona companyia